UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Idioma Moderno 2: Portugués | | | Código | 613G03054 |
| Titulación | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | | |
| Descriptores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 1º cuadrimestre | Terceiro | Optativa | 4.5 | |
| Idioma | GalegoPortugués | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Letras | | | | |
| Coordinación | Samartin López-Iglesias, Roberto | Correo electrónico | roberto.samartin@udc.es | | |
| Profesorado | Samartin López-Iglesias, Roberto | Correo electrónico | roberto.samartin@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia suministra formación básica de carácter teórico-práctico na descrición e uso instrumental da lingua portuguesa nas súas modalidades oral e escrita. O alumnado debe consolidar o seu nível de coñecemento lingüístico como usuario básico, así como adquirir competencias de usuario independente, encuadrado no nível soleira (B1), de acordo co "Marco común europeo de referencia para as linguas". | | | | |
| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos<br>Os contidos fixados mantéñense sen alteracións<br><br>2. Metodoloxías<br>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br>Lecturas, Obradoiros, Prácticas através de TIC, Presentación Oral e Traballos Tutorizados.<br><br>*Metodoloxías docentes que se modifican<br>A proba mixta será substituída por un cuestionario disponibilizado no Moodle da materia<br>As sesións maxistrais serán substituídas por sesións (a)síncronas ou sesións de atendemento através de Teams previamente acordadas co alumnado.<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br>Moodle para a disponibilización de materiais e a realización de cuestionarios e actividades<br>Teams, en horarios e formato (síncrono ou asíncrono) acordados co alumnado.<br>Correo electrónico a demanda do alumnado.<br><br>4. Modificacións na avaliación<br>As actividades previstas na avaliación (Obradoiros, Presentación Oral e Traballos Tutorizados) serán realizadas en modo non presencial e (a)síncrono. A Proba Mixta será substituída por un cuestionario disponibilizado no Moodle da materia.<br><br>*Observacións de avaliación:<br>As actividades contempladas neste apartado do guía da materia serán realizadas de modo non presencial e (a)síncrono. O alumnado con dificuldades para o acompañamento da materia durante a vixencia deste plano de continxencia quer por motivos técnicos ou materiais (de conexión a internet, de acceso a computadores, etc.), quer por necesidades ou limitacións persoais de calquera tipo (coidados, conciliación, horarios ou espazos restrinxidos, etc.) deberá contactar co profesor no menor tempo posíbel a fin de seren arbitradas as medidas de flexibilización e adaptación necesarias para a atención de cada caso particular.<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br>Sen modificacións. | | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A8 | Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira. |
| A10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira | A8 | | |
| Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. | A10 | | |
| Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica | A15 | | |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. | | B1 | |
| Adquirir capacidade de autoformación | | B3 | |
| Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. | | B4 | |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. | | B5 | |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva | | B6 | |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. | | B7 | |
| Apreciar a diversidade. | | B8 | C2 |
| Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. | | | C2 |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | | | C4 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Relatar ações ocorridas no passado. Descrever pessoas, objetos e lugares no passado. Saúde e corpo humano. | 1.1. Pretérito Imperfeito do Indicativo. Preposições e locuções prepositivas de movimento, espaço e tempo. Pronomes de CD e CI. maiúsculas e minúsculas<br>1.2. Descrições e ações habituais no passado. Falsos amigos (I)<br>1.3. Partes do corpo. Características físicas. Especialidades médicas. Serviços básicos de saúde. Indicações e cuidados de saúde. Sintomas. Doenças |
| 2. Manifestar a cortesia. Fazer pedidos.Trabalho e profissões. | 2.1. Imperfeito de cortesia. Demonstrativos. Hífen<br>2.2. Interação verbal cortês<br>2.3. Salário, ordenado, impostos e horário de trabalho. Profissões. Expressões e vocabulário específico de diferentes profissões |
| 3. Fazer reconto de eventos. Expressar opinião. Estabelecer comparações. Estudos e experiência profissional. | 3.1. Particípio Passado. Pretérito Mais-que-Perfeito Composto do Indicativo. Grau dos adjetivos e advérbios. Indefinidos. Tão e tanto. Derivação. Consoantes mudas<br>3.2. Eventos culturais e meios de comunicação social<br>3.3. Estudos e cursos. Universidades. Experiência profissional. Currículo. Fórmulas de uma carta de apresentação. Histórias de vida. Entrevista de trabalho |

| | |
|---|---|
| 4. Fazer pedidos e recomendações. Argumentar. Reproduzir o que foi dito | 4.1. Presente do Condicional. Discurso direto e indireto.<br>4.2. Alimentação. Estilos de vida. Falsos amigos (II). Expressões idiomáticas |
| 5. Falar de acontecimentos começados no passado e continuados até ao momento da enunciação. Pedir ajuda. Dar instruções. Hábitos recentes. | 5.1. Pretérito Perfeito Composto do Indicativo. Imperativo. Acentuação gráfica<br>5.2. Saúde e lazer<br>5.3. Expressões de tempo (passado). Expressões de sentimentos. Expressões de preferência e opinião |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Lecturas | A10 A15 B7 B8 C2 C4 | 1 | 5 | 6 |
| Obradoiro | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C2 C4 | 8 | 13 | 21 |
| Prácticas a través de TIC | A8 B1 B3 B5 C2 C4 | 1 | 5 | 6 |
| Presentación oral | A8 A15 B4 B7 C2 | 3 | 10 | 13 |
| Proba mixta | A8 A10 A15 B4 B7 C2 | 2 | 15.5 | 17.5 |
| Sesión maxistral | B6 B7 C2 | 8 | 12 | 20 |
| Traballos tutelados | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C2 C4 | 9 | 17 | 26 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Lecturas | Considérase ?lectura? calquera tipo de material (textos de manuais, xornais, revistas, foros de internet etc.) que o/a alumno/a terá que coñecer para a realización de certas actividades de maneira presencial ou non presencial. |
| Obradoiro | Os obradoiros son aulas centradas no desenvolvemento de prácticas de produción escrita e, sobre todo, oral (resolución de exercicios, corrección e elaboración de textos, ...). |
| Prácticas a través de TIC | O/a alumno/a deberá facer uso das novas tecnoloxías para preparar actividades propostas nas aulas. |
| Presentación oral | A interacción oral será corrente nas sesións presenciais e poderán ser apresentados oralmente traballos ou atividades específicas.<br>A calidade da lingua utilizada, os recursos e estratexias expositivas empregados, así como a clareza e arrumazón dos conteúdos vehiculados constitúen os principais elementos a levar en conta polo alumnado neste tipo de actividade. |
| Proba mixta | Consta fundamentalmente dunha proba escrita que permite avaliar coñecementos, capacidades, habilidades etc. en destrezas como a comprensión e, sobre todo, a produción escrita e as competencias gramaticais. Pode combinar preguntas de resposta múltipla, de resposta breve, de ordenación, de asociación, de discriminación? |
| Sesión maxistral | As sesións maxistrais consistirán en exposicións orais de carácter fundamentalmente teórico á volta dos conteúdos básicos da materia. Nestas aulas utilizaranse diversos textos seleccionados especificamente para a análise e a comprensión dos conteúdos; resolveranse as dúbidas a respecto dos temas propostos e facilitarase bibliografía específica. Nestas sesións guiarase o alumnado no proceso de aprendizaxe e mostraranse recursos que faciliten o desenvolvemento do traballo autónomo. |
| Traballos tutelados | Baixo a coordinación d@ docente, o alumnado levará a cabo diversas actividades que deberán ser realizadas por escrito, nomeadamente exercicios virados para a consolidación de destrezas comunicativas e o uso de recursos linguísticos de vario tipo. Para alén disto, organizados en pequenos grupos, @s estudantes realizarán un traballo virado para a documentación e a redacción de conteúdos, a fin de produciren e partillaren información, coñecementos e habilidades. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados | Para a realización dos traballos tutelados, é fundamental que o/a alumno/a informe periodicamente tanto dos seus progresos como das súas dificultades co obxectivo de atinxir unha orientación adecuada. Alén diso, o/a estudante poderá realizar todo tipo de consultas a respecto de desenvolvemento do traballo, quer no horario de atendemento, quer por medio do correo electrónico.<br><br>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Obradoiro | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C2 C4 | Serán realizadas na sala de aulas actividades de diferente tipoloxía e con variados obxectivos (con foco no léxico, na gramática, na fonética, ...) destinadas a aumentar a capacidade comunicativa, nomeadamente oral, d@s estudantes. | 10 |
| Presentación oral | A8 A15 B4 B7 C2 | Para além da avaliación do desempeño oral demostrado na sala de aulas, @s estudantes terán de realizar unha proba oral, orientada á demostración da súa competencia comunicativa en lingua portuguesa. | 20 |
| Proba mixta | A8 A10 A15 B4 B7 C2 | Cada estudante deberá realizar unha proba mixta, virada fundamentalmente para a produción escrita (exercicios, elaboración de textos breves, ...), en que serán avaliados os coñecementos adquiridos nas sesións maxistrais e coa realización dos traballos tutelados. | 50 |
| Traballos tutelados | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C2 C4 | Serán avaliadas a corrección lingüística e as estratexias e procedementos argumentativos utilizados nos textos escritos, e tamén a participación ao longo dos traballos realizados nas sesións presenciais destinadas ao efecto e os resultados das actividades non presenciais encomendadas. O dominio dos conteúdos focados e os resultados atinxidos canto á consecución dos obxectivos procurados no proceso de ensino-aprendizaxe será igualmente obxecto de avaliación.<br>Será valorizada especialmente a aprendizaxe colaborativa. | 20 |

| Observacións avaliación |
|---|

Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.
Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que serán publicados na plataforma Moodle no inicio do curso.Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4). O estudantado repetidor, a tempo parcial ou con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos docentes. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puider asistir ao atendemento, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico no inicio do curso. Aquel alumnado que certifique imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado da materia.
O alumnado que se apresentar á convocatoria adiantada de decembro terá de contactar previamente co docente responsábel da materia e, para superar a materia, realizar a proba mixta (5 valores), unha proba oral (apresentación oral; 2 valores) e aqueles traballos tutelados (3 valores) que lle foren encomendados.
Se houver criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel pola materia através do Moodle e/ou expostos na sala de aulas. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.
As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á oportunidade de xullo. Para superaren a materia nesta segunda oportunidade, @s alumn@s deberán aprobar (5 valores sobre 10) aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia e que serán realizadas na data fixada ao efecto pola Facultade de Filoloxía. Igualmente, deberán ser realizadas satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas na oportunidade anterior xuntamente con aqueles outros traballos que foren agora solicitados.
Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non se presentar á proba mixta ou que non presentar ningunha das actividades previstas neste guía.

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - Berström, M.; Reis, N. (2011). Prontuário Ortográfico e Guia da Língua Portuguesa. Alfragide: Casa das Letras<br>- Casteleiro, J. M. (coord.) (2001). Dicionario da Língua Porutguesa. Lisboa: Verbo<br>- Cintra, L.; Cunha, C (2013). Nova Gramática do Português Contemporâneo. Lisboa: Figueirinhas<br>- Coelho, J. (2015). Dicionário Global da Língua Portuguesa. Lisboa: Lidel<br>- Frías Conde, X. (2014). Compêndio de gramática portuguesa elementar. s.l.: Ianua Editora<br>- Monteiro, D.; Pessoa, B. (2011). Guia prático dos verbos portugueses. Lisboa: Lidel<br>- Ventura, H.; Caseiro, M. (2011). Guia prático de verbos com preposições. Lisboa: Lidel |

| | |
|---|---|
| Bibliografía complementaria | BIBLIOGRAFIA COMPLEMENTAR1.Arruda, L. (2014). Gramática de Português Língua Não Materna. Porto: Porto Editora2.Coelho, L.; Oliveira, C. (2008). Aprender Português 1 - Compreensão Oral Níveis A1/A2 - Inicial (Livro + Cd). Lisboa: Texto Editora3.Coelho, L.; Oliveira, C. (2014). Aprender Português 1, 2 (Manual e caderno de exercícios). Lisboa: Texto Editora4.Coelho, L.; Oliveira, C. (2014). Gramática Aplicada Português Língua Estrangeira - A1/A2/B1. Lisboa: Texto Editora5.Coimbra, O. M.; Coimbra, I. (2011). Gramática activa 1. Lisboa: Lidel6.Coimbra, O. M.; Coimbra, I. (2012). Gramática activa 2. Lisboa: Lidel7.Freitas, F.; Henriques, T. (2011). Qual é a dúvida?. Lisboa: Lidel8.Lemos, H. (2013). Dialogar em Português. Lisboa: Lidel9.Malcata, H. (2013). Português atual 2. Lisboa: Lidel10.Mascarenhas, L. (2014). Cultura e História de Portugal - Volume 1 - Níveis A2/B1. Porto: Porto Editora11.Matos, M. (2013). Dicionário ilustrado de Português. Lisboa: Lidel12.Pascoal, J.; Oliveira, T. (2013). Exames de Português A2 - B2 CAPLE-UL - CIPLE, DEPLE, DIPLE + CD Áudio. Lisboa: Lidel13.Ramos, E. (2006). Portugalizar. Português para galegofalante. Vigo: Xerais14.Rente, S. (2013). Expressões idiomáticas ilustradas. Lisboa: Lidel15.Rosa, L. (2004). Vamos lá Começar! Exercícios de vocabulário. Lisboa: Lidel16.Rosa, L. (2011). Vamos Lá Começar! Explicações e Exercícios de Gramática. Lisboa: Lidel17.Rosa, L. (2011). Vamos Lá Continuar! - Explicações e Exercícios de Gramática. Lisboa: Lidel18.Ruela, I. (2015). Vocabulário temático. Lisboa: Lidel19.S/A (2009). 2009 SOS Português! - Língua Não Materna - Vocabulário A1 - B1. Porto: Porto Editora20.S/A (2011). Dicionário Ilustrado - Português Dicionário de Português Língua Não Materna. Porto: Porto Editora21.S/A (2014). SOS Português! - Língua Não Materna - Gramática A1 - B1. Porto: Porto Editora22.Vázquez Cuesta, P. (2002). O Que Um Falante de Português Deve Saber Sobre o Galego. Lisboa: ColibriRECURSOS DISPONÍVEIS NA INTERNETDocumentos orientadores: Conselho da Europa (2001). Quadro europeu comum de referências para as línguas. Lisboa: Edições Asa.http://area.dge.mec.pt/gramatica/Quadro_Europeu_total.pdf Grosso, M.; Tavares, A.; Tavares, M. (2008). O Português para Falantes de Outras Línguas:o utilizador elementar no país de acolhimento, Lisboa, ANQ /DGIDC /IEFP:http://www.dge.mec.pt/sites/default/files/Basico/Documentos/referencial_independente.pdf Grosso, M.; Tavares, A.; Tavares, M. (2009). O Português para Falantes de Outras Línguas:o utilizador independente, Lisboa, ANQ /DGIDC /IEFP.http://www.dge.mec.pt/sites/default/files/Basico/Documentos/referencial_independente.pdf Grosso, M. (coord.); Soares, A.; Sousa, F.; Pascoal, J. (2011). QuaREPE - Documento Orientador. Lisboa: DGE.http://www.dge.mec.pt/sites/default/files/EEstrangeiro/2012_quarepe_docorientador.pdf Grosso, M. (coord.); Soares, A.; Sousa, F.; Pascoal, J. (2011) QuaREPE - Tarefas, Actividades, Exercícios e Recursos para a Avaliação. Lisboa: DGE.http://d3f5055r2rwsy1.cloudfront.net/images/stories/EPE_incricoes_2011_2012/quarepe/manual_quarepe_tarefas_versao_final_janeiro_2012.pdf Programa Português Para Todos (Ppt): Beça, E.; Galvão, M. (2009). Manual de Português Técnico aplicado à área da Hotelaria e Restauração. Lisboa: IEFP:http://portal.iefp.pt/xeobd/attachfileu.jsp?look_parentBoui=36134660&att_display=n&att_download=ySítios institucionais: Instituto Camões:http://www.instituto-camoes.pt/ Observatório da Língua Portuguesa:http://www.observalinguaportuguesa.org/pt Comunidade dos Países de Língua Portuguesa:http://www.cplp.org Instituto Internacional da Língua Portuguesa:http://iilp.cplp.org Museu da Língua Portuguesa:http://www.museudalinguaportuguesa.org.br Governo Português:http://www.portugal.gov.pt/pt/a-democracia-portuguesa.aspx Portal do Cidadão:https://www.portaldocidadao.pt/home Turismo de Portugal:https://www.visitportugal.com/pt-pt Conselho Português para os Refugiados:http://www.cpr.pt/ple/materiais/ Universidade do Minho:http://www.uminho.pt Fundação José Saramago:http://www.josesaramago.org Pordata - Base de dados do Portugal contemporâneo:http://www.pordata.pt/Portugal Rádio Televisão Portuguesa:http://www.rtp.pt/homepage/ Dicionários e recursos linguísticos: Dicionário Priberam:http://www.priberam.pt/ Portal da Língua Portuguesa:http://www.portaldalinguaportuguesa.org/ Vocabulário Ortográfico Comum da Língua Portuguesa:http://voc.cplp.org/index.php Dicionário Michaelis:http://michaelis.uol.com.br Ciberdúvidas:http://ciberduvidas.sapo.pt/ Livro de estilo do jornal Público:http://static.publico.pt/nos/livro_estilo/index.html Corpus do português:http://www.corpusdoportugues.org/x.asp Conjuga-me Net:http://www.conjuga-me.net Dicionário de calão e expressões idiomáticas:http://natura.di.uminho.pt/~jj/pln/calao/dicionario.pdf Sites e manuais para a aprendizagem da língua: Centro Virtual Camões:http://www.instituto-camoes.pt/cvc/aprender.html |

Omniglot:http://www.omniglot.com/writing/portuguese.htm Ensina RTP:http://ensina.rtp.pt Português para nós:http://www.portuguesparanos.com/ Português para espanhois (blogue):http://portuguesparaespanhois.blogspot.pt CiberEscola da Língua Portuguesa:http://www.ciberescola.com Espaço Língua Portuguesa (Porto Editora):http://www.portoeditora.pt/espacolinguaportuguesa/duvidas-da-lingua-portuguesa/destaque-duvidas-lp/ Programa ?Bom Português? (RTP):http://ensina.rtp.pt/dossie/como-se-escreve-em-bom-portugues/ Viagens Literárias (blogue):https://viagensliterarias.wordpress.com PortugueseLanguageGuide:http://www.portugueselanguageguide.com ISL Collective:https://pt.islcollective.com/resources/search_result?Tags=PLE&searchworksheet=GO&type=Printables Promethean Planet:http://www1.prometheanplanet.com/pt/server.php?show=nav.21344 Ferramentas de pronúncia: SitePal:http://www.oddcast.com/home/demos/tts/tts_example.php?sitepal Prontuário sonoro RTP:http://www.rtp.pt/wportal/sites/prontuario/index.php Ferramentas de tradução: Interactive Terminology for Europe (IATE):http://iate.europa.eu/ SDL:http://www.freetranslation.com Google tradutor:https://translate.google.pt Cultura: Efemérides:http://cvc.instituto-camoes.pt/conhecer/efemerides.html#.VYrNymDWTy0 Bases temáticas sobre Cultura Portuguesa:http://cvc.instituto-camoes.pt/area-conhecer-bases-tematicas Dicionário histórico:http://www.arqnet.pt/dicionario/ Exposições virtuais:http://cvc.instituto-camoes.pt/conhecer/exposicoes-virtuais.html A música portuguesa a gostar dela própria:https://vimeo.com/channels/musicaportuguesa/videos Jornal de Letras, Artes e Ideias:http://visao.sapo.pt/jornal-de-letras=s25193 Portal da literatura:http://www.portaldaliteratura.com Projeto Vercial:http://alfarrabio.di.uminho.pt/vercial/index.html Imprensa: Diretório de imprensa escrita em Portugal:http://www.prensaescrita.com/portugal.php Blitz (revista de música):http://blitz.sapo.pt Expresso (jornal):http://expresso.sapo.pt Jornal de Letras, Artes e Ideias:http://visao.sapo.pt/jornal-de-letras=s25193 Público (jornal):http://www.publico.pt Visão (revista):http://visao.sapo.pt Rádio Televisão Portuguesa:http://www.rtp.pt/homepage/

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| Idioma Moderno: Portugués/613G03051 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| Idioma Moderno 3: Portugués/613G03057 |
| **Observacións** |
| Todas as cuestións non contempladas explicitamente nesta guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesorado no seu horario de atendemento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**